PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: INCIO

-Exp: 20/77

Nº 50.000 / 124

ID: 591 Nº Monte: 8

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

"CASTRO DE GOO y Sª D'ABAIXO"

COMUNIDAD PROPIETARIA

Vs DE GOO (Pª)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	24	8.	1

SUPERFICIE

HECTAREAS
44

20/77

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES
EN
MANO COMUN.

En la ciudad de Lugo atreinta y uno de marzo de mil novecientos setenta y ocho,, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordóla clasificación del monte " CASTRO DE GOO Y SA D'ABAIXO", como monte vecinal en manocomún, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte " CASTRO DE GOO YSA D' ABAIXO", expediente nº 20/77 del ayuntamiento de Incio, a promovido a instancia de la Administración Forestal y,

RESULTANDO.- Que con fecha diez de febrero de mil novecientos setenta y siete, elJurado Provincial de Montes Vecinales en Mano común,acordó la iniciación y tramitación del expedinte de clasificación del monte " CASTRO DEGOO Y SA D'ABAIXO"", designando como Instructor la Vocal DON DASIO CARBALLEIRA TELLA (Delegado del Ministerio de Agricultura).

RESULTANDO.- Que con fecha 2 de marzo de 1.977, se dictó, providencia por la que se da comienzo alexpediente de clasificación nº 20/77 poniendo por cabeza del mismo copia de acuerdo del Jurado Provincial, y la documentaciómn aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 2 de marzo de 1.977, se dictó providencia acordando requerir al ayuntamiento de Incio, para que aportara: a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa a la incripción del monte " CASTRO DE GOO Y SA D' ABAIXO ", de 44 Ha. sito en la parroquia de Goo, b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte "MONTE CASTRO DE GOO Y SA D' ABAIXO", c) Certificación del acuerdo municipal reltivo al Consorcio con la Administración Forestal, para la repoblación de dicho monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 2 de marzo de 1.977, se acordórecabar de la Administración Forestal I. C. O. N. A. certificación relativa a si el monte " CASTRO DE GOO Y SA D' ABAIXO", figuran incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 2 de marzo de 1.977, se dictó providencia acordando lapublicación de edicto en el B. O. de la provincia y en el ayuntamiento de Incio, poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoacción del presente expedienete de clasificación a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses.

RESULTANDO.- Se recibió ejemplar del B. O. de la provincia correspondiente aldía 31 de marzo de 1.977, nº 74, en el que se inserta Edicto correspondiente al monte " CASTRO DE GOO Y SERRA D' ABAIXO",

RESULTANDO.- Que con fecha 1 de abril de 1.977, se recibió certificación del Instituto Nacionalpara la Conservación de la Naturaleza, enla que se hace constar que el monte " CATRO DE GOO Y SA D' ABAIXO", no figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de esta provincia.

RESULTANDO.- Que con fecha 25 de mayode 1.977, se recibió certificación del ayuntamiento de Incio, en la que se hace constar que el monte denominado "CASTRO", sito en la parroquia de Goo, figura incluido en el Inventario de Bienes Municipales, figura asimismo inscrito en el Registro de la Propiedad, de Sarria, a nombre de este ayuntamiento al tomo 293, libre 51 folio 214, inca 4.484, inscripción 1ª.

RESULTANDO.- Que enel expediente de investigación que figuraunido den cuerda floja, con fecha 5 de julio de 1.974, consta comparecencia de vecinos de la parroquia de Goo, que manifiestan: Que en terminos de esta parroquia hay unos montes llamdos "CASTRO DE GOO Y SERRA D' ABAIXO", que han estado en posesión de los vecinos desdetiempo inmemorial que los aprovechanmancomunadamente para pastoreo, rozas de matorral y siembras.

El monte " SERRA DA ABAIXO? FUE EN SU MAYOR parte repartido entre vecinos hace unos 40 años que destinanlas parcelas a siembras, aunque algunas están a pastoral, y también se hace en el resto alguún pastorio mancomunado. El monte SERRA DA ABAIXO, sigue indiviso y en los aprovechamientos mancomunados entre los vecinos ya citados.

RESULTANDO.- No se recibió ninguan arecalamación contra la clasificación del citado monte.

RESULTANDO.- El monte " CASTRO DE GOO Y SERRA D' ABAIXO", desde siempre viene siendo aprovechao por oos vecinos de la parroquia de Goo, por su con-

dición de tales de forma mancomunada e indivisa, constituyendo una comunidad de tipo germánico.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de 27 de julio de 1.968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1.970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1.958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones, de pertinente aplicación.

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente el cual fué promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la calificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos reales que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de su artículo 1º así como el artículo 1º de su Reglamento a saber: a) Que su pertenencia esté atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en calidad de tales, en proindivisión, con independencia de su origen en comunidad germánica o mano común, b) Que tal comunidad de vecinos no esté constituida formalmente en entidad municipal.

CONSIDERANDO.- Que el monte "CASTRO DE GOO Y SA D' ABAIXO", está perfectamente identificado tanto por el ayuntamiento de Incio, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consorciado asimismo fué identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido los cuales se consideran con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte puedan obtenerse a partes iguales.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad de monte en tiempos remotos, los efectos de la prescripción extraordinaria regulada por el artículo 1.959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en sesión del día de la fecha a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º Clasificar el monte "CASTRO DE GOO Y SERRA D' ABAIXO", como se describe en el expediente 20/77 como monte vecinal en mano común, perteneciente a los vecinos de Goo, parroquia de Goo, ayuntamiento de Incio.

2º Que se remita certificación de la resolución firme de este jurado al Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

Exp: 20/77 ID: 571



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 20/77 (ampliación).

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:
Don Luis González Vázquez.
VOCAIS:
Don Manuel Martínez Garrido.
Don José Antonio Illán Torrón.
Don Emilio Sánchez Coto.
Don Manuel Veiga Franco.
SECRETARIO:
Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de dous mil, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **20/77**, para a posible ampliación na clasificación como veciñal en man común do monte **"CASTRO DE GOÓ e SERRA DE ABAIXO" (ampliación da superficie destas dúas parcelas e clasificación das novas: "TESO DO CURRO, VALDOFOXO, FREIXEDO, TRALO MARCO, RESTRE, TRALO CHAO e LAMELA")** no concello do **INCIO**, iniciada por acordo do Xurado coa data do **14 de decembro de 1999**, sendo vocal instructor da mesma **DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 12 de xaneiro de 2000), iniciouse a posible ampliación do expediente número **20/77** (por instancia de **DON MANUEL LÓPEZ CARREIRA, presidente da Xunta Rectora**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 14 de xaneiro de 2000, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 31 de xaneiro de 2000, recibiuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte de referencia non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

CUARTO: Coa data do 29 de febreiro de 2000 (rexistro de saída número 28.661, do día 1 de marzo do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **SARRIA** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 13 de marzo de 2000, recibiuse certificación do Rexistro da Propiedade de **SARRIA**, na que se fai constar que as parcelas de monte **"CASTRO DE GOÓ, SERRA DE ABAIXO, VAL DO FOXO II, VAL DO FOXO I, TESO DO CURRO, TRALO MARCO, RESTRE, TRALO CHAO e LAMELA"**, non aparecen inscritas nese Rexistro, que a parcela **"FREIXEDO"** aparece inscrita a favor do concello do **INCIO** coa data do 17 de setembro de 1958, e que non existe presentado no Libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 24 de abril de 2000 (rexistro de saída número 54.406, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación para a posible ampliación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 24 de abril de 2000 (rexistro de saída número 54.415, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **SARRIA** a iniciación para a posible ampliación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

OITAVO: Coa data do 24 de abril de 2000 (rexistros de saída números 54.417 e 54.419, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello do **INCIO**, a iniciación para a posible ampliación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

NOVENO: Coa data do 24 de abril de 2000 (rexistro de saída número 54.422, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante **DON MANUEL LÓPEZ CARREIRA**, con domicilio na parroquia de **GOÓ**, concello do **INCIO**, a iniciación para a posible ampliación do expediente.

DÉCIMO: Coa data do 24 de abril de 2000 (rexistro de saída número 54.874, do día 25 de abril do mesmo ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación para a posible ampliación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 25 de abril de 2000 (rexistro de saída número 54.868, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de **GOO**, concello do **INCIO**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie a posible ampliación do expediente, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 1 de maio de 2000 (rexistro de entrada número 82.151, do día 9 do mesmo mes e ano), recibiuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **GOO**, concello do **INCIO**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos:

DON JOSÉ LUIS LÓPEZ CASÁS.
DON CARLOS GALLEGO LÓPEZ.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 20 de maio de 2000, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 97, páxinas 7.939 e 7.940, polo que se pon en coñecemento público a iniciación para a posible ampliación do expediente de clasificación.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 6 de xuño de 2000, recibiuse certificación do concello do **INCIO**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello e nos lugares de costume da parroquia de **GOÓ**, durante o prazo de 30 días.

DÉCIMO QUINTO: Coa data 14 de xuño de 2000, recibiuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **SARRIA**, na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (Letras A, folios 118 ó 125 do libro 61 do concello do INCIO, tomo 408 do arquivo, predios 6.238 ó 6.245).

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu ningunha reclamación relativa á posible ampliación do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O terreo que se pretende ampliar nas parcelas de monte xa clasificadas **"CASTRO DE GOÓ e SERRA DE ABAIXO"**, mailas novas parcelas de monte **"TESO DO CURRO, VALDOFOXO, FREIXEDO, TRALO MARCO, RESTRE, TRALO CHAO e LAMELA"**, véñense aproveitando de forma mancomunada polos veciños da parroquia, estimándose revisten o carácter de veciñais en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte **"CASTRO DE GOÓ e SERRA DE ABAIXO" (ampliación destas dúas parcelas mailas novas "TESO DO CURRO, VALDOFOXO, FREIXEDO, TRALO MARCO, RESTRE, TRALO CHAO e LAMELA")**, coas características seguintes :

Nome:	**"TESO DO CURRO, CASTRO DE GOÓ e VALDOFOXO, FREIXEDO, TRALO MARCO, RESTRE, TRALO CHAO, SERRA DE ABAIXO e LAMELA".**
Pertenza:	veciños da parroquia de Goó.
Superficie total:	83 hectáreas.
Concello:	O Incio.

Estremas e perímetro da parcela nº 1 - TESO DO CURRO - 0,7 hectáreas:

Norte: camiño público. **Leste:** predios particulares de veciños da parroquia de Goó. **Sur:** predios

particulares de veciños da parroquia de Goó e predios particulares de veciños do lugar de Bermún (parroquia do Viso). **Oeste:** predios particulares de veciños da parroquia de Goó.

Estremas e perímetro da parcela nº 2 - CASTRO DE GOÓ e VALDOFOXO - 42 hectáreas:

Norte: estrada de Bermún (parroquia do Viso) a Rubián, predios particulares da parroquia de Goó e predios particulares do lugar de Buxán (parroquia do Viso) e camiños de servidume. **Leste:** predios particulares da parroquia de Goó. **Sur:** predios particulares da parroquia de Goó e predios particulares de veciños do lugar de Lebaste. **Oeste:** estrada do Incio a Rubián, predios particulares do lugar de Pereira, predios particulares do lugar de Viloira (parroquia de Santalla de Bardaos), predios particulares de veciños da parroquia de Goó e predios particulares de veciños do lugar de Buxán (parroquia do Viso).

Estremas e perímetro da parcela nº 3 - FREIXEDO - 8 hectáreas:

Norte: predios particulares de veciños da parroquia do Viso e camiño de servidume. **Leste e Sur:** camiño de servidume e predios particulares da parroquia de Rendar. **Oeste:** predios particulares de veciños da parroquia de Goó.

Estremas e perímetro da parcela nº 4 - TRALO MARCO - 1,3 hectáreas:

Norte e Oeste: predios particulares de veciños da parroquia de Goó. **Leste:** predios particulares de veciños da parroquia de Rendar. **Sur:** estrada de Rendar ó Incio.

Estremas e perímetro da parcela nº 5 - RESTRE - 1,5 hectáreas:

Norte, Leste e Sur: predios particulares dos veciños da parroquia de Goó. **Oeste:** estrada de Goó a Vilasouto e predios particulares dos veciños da parroquia de Goó.

Estremas e perímetro da parcela nº 6 - TRALO CHAO - 2,5 hectáreas:

Norte, Leste, Sur e Oeste: pistas de servicio e predios particulares de veciños do lugar de Lebaste.

Estremas e perímetro da parcela nº 7 - SERRA DE ABAIXO - 24 hectáreas:

Norte: estrada de Bermún (parroquia do Viso) a Rubián e predios particulares do lugar de Lebaste. **Leste:** predios particulares do lugar de Lebaste. **Sur:** estrada do encoro de Vilasouto. **Oeste:** devasa perimetral do monte de Vilasouto, elenco nº 2715021, conveniado coa Xunta de Galicia.

Estremas e perímetro da parcela nº 8 - LAMELA - 3 hectáreas:

Norte: predios particulares dos veciños do lugar de Pereira. **Leste:** predios particulares do lugar de

Lebaste. **Sur e Oeste:** pista de servicio e predios dos veciños do lugar de Pereira.





CROQUIS DEL MONTE A DECLARAR EN MANO COMUN.

TESO DO CURRO.-	0.7 Has.
O CASTRO y VALDOFOXO.-	42 Has.
FREIXEDO.-	8 Has.
TRAS DO MARCO.-	1.3 Has.
RESTRE.-	1.5 Has.
TRAS DO CHAO.-	2.5 Has.
SERRA DE ABAIXO.-	24 Has.
LAMELA.-	3 Has.
TOTAL	83 Has.

XUNTA DE GALICIA

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30.10.2024,** figura o seguinte acordo:

MVMC **Teso do Curro, Castro de Goó e Valdofoxo, Freixedo, Tralo Marco, Restre, Tralo Chao, Serra de Abaixo e Lamela** (exp. 20/77), pertencente aos veciños da parroquia de Goo; MVMC **Vilasouto** (exp. 28/77), pertencente aos veciños da parroquia de Vilasouto. Ambos monte no concello do **Incio**.

O 11.9.2023 foi presentada unha solicitude relativa acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre as citadas comunidades, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Procedemento con número de expediente **2023_42**.

O 27.8.2024, o Servizo de Montes emite un informe no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- MVMC **Teso do Curro, Castro de Goó e Valdofoxo, Freixedo, Tralo Marco, Restre, Tralo Chao, Serra de Abaixo e Lamela**: 93,54 hectáreas.
- MVMC **Vilasouto**: 303,76 hectáreas

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Para que conste, para a súa remisión á **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da acta da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e prace da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace
A presidenta do xurado
Mª Olga Iglesias Fontal

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MVMC
Ronda Muralla, 70
27071 Lugo
T. 982 889 256

dj

Asinado por: MARIA OLGA IGLESIAS FONTAL
Cargo: Presidenta do Xurado Provincial de Clasificación de MVMC
Data e hora: 25/11/2024 10:11:55

Asinado por: BELVER QUIROGA, LUCIA
Cargo: Secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de MVMC
Data e hora: 25/11/2024 09:16:30

CVE: qbwF2sROLB1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano:

Deslinde por avinza entre os montes veciñais en man común "Castro de Goó, S. de Abaixo e outros" (exp. 20/77) e "Vilasouto" (exp 28/77-4/2007)
Lugo, 20 de xuño de 2024. Carpeta: 2023_42

Monte: MVMC Castro de Goó, S. de Abaixo e outros.
Pertenza: CMVMC Goó.
Concello: O Incio.
Sup. previa: 94,34 ha.
Sup. posterior: 93,54 ha.

Monte: MVMC Vilasouto
Pertenza: CMVMC Vilasouto
Concello: O Incio.
Sup. previa: 319,34 ha.
Sup. posterior: 303,76 ha.

Escala 1:20.000

PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDE

20_77_Goo_posterior
28/77-4/2007_Vilasouto_posterior

Visto e prace
O Xefe do Servizo de Montes
Manuel González Fernández.

O Xefe de Área Técnica
Santiago Fraga Saénz

O Técnico redactor
Rafael Altamirano Cabeza